

## NOTICIAS

---

### PRESENTACIÓN EN VIGO DE VIAJES Y YANTARES POR GALICIA DE ÁLVARO CUNQUEIRO



De esquerda a dereita:  
Henrique Alvarellos, X.F.  
Armesto Faginas e César  
Cunqueiro, en Vigo (27 de  
maio de 2005)

Na cidade onde Álvaro Cunqueiro viviu anos fundamentais da súa vida, Vigo, e donde foi director do diario Faro de Vigo durante a década dos sesenta do pasado século, Alvarellos Editora decidiu iniciar a xira de presentacións do primeiro volume da súa nova Colección Rescate, o libro Viajes y yantares por Galicia. No acto, desenvolvido na Casa do Libro da rúa Velázquez Moreno, estiveron presentes César Cunqueiro, fillo do escritor; Xosé Francisco Armesto Faginas, biógrafo de Cunqueiro; Víctor Freixanes, escritor e editor; e Henrique Alvarellos Casas, director de Alvarellos Editora.

### HOMENAXE A ENRIQUE ALVARELLOS

Henrique Alvarellos Casas abriu as intervencións lembrando a figura de seu pai, Enrique Alvarellos Iglesias, fundador e director de Alvarellos Editora dende 1977 ata xuño de 2004, data do seu falecemento: “O seu obxectivo dende os inicios foi moi claro: loitar pola cultura deste país. Hoxe, 28 anos despois, abrimos unha nova etapa, mais seguimos coa mesma finalidade”.

Henrique Alvarellos repasou a historia da revista Vida Gallega para a que escribiu Álvaro Cunqueiro, “unha publicación que tivo unha segunda época, dende 1954 a 1963, moi pouco coñecida hoxe, pero que foi moi brillante, que contou con escritores e artistas excepcionais como Cunqueiro, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Urbano Lugrís ou o propio Isaac Díaz Pardo”. Alvarellos lembrou, así mesmo, que o propietario desa publicación durante a súa segunda



etapa, foi un tío avó seu, Xosé Iglesias Presa “polo que na casa de Lugo da súa neta e prima miña, Nenuca Díaz, atopei a colección completa desa magnífica publicación e moitos documentos e manuscritos orixinais que me serviron para levar adiante esta edición”.

### **CUNQUEIRO, CRÍTICO DE ARTE**

O biógrafo de Cunqueiro, Armesto Faginas, afirmou pola súa banda que “Cunqueiro foi un dos primeiros críticos de pintura que houbo en Galicia, e isto parece que ninguén o sabe, ou ninguén o lembra” e puxo como exemplo un dos artigos recollidos neste novo libro, o que dedica don Álvaro ao pintor ourensán Manuel Prego.

César Cunqueiro falou da “frescura, beleza e absoluta vixencia” dos escritos de Viajes y yantares por Galicia, ao tempo que os definía como “pura e dura literatura”. Para o fillo do escritor mindoniense “todos os artigos que escribiu meu pai son perfectos dende o punto de vista literario. Neles xunta a diversidade dun xeito extraordinario. E cando fala, por exemplo, de temas gastronómicos, non fai gastronomía, trascéndeala, fai literatura”.

### **CUNQUEIRO, BORGES, KAFKA OU DANTE**

O escritor e editor Víctor Freixanes, lembrou na súa intervención a Xosé Iglesias Presa, propietario da revista Vida Gallega no tempo en que Cunqueiro escribiu os seus traballos: “Xosé Iglesias recuperou, nos anos cincuenta, o espírito literario e galeguista daquela publicación que en 1909 e ata 1938 fundara e dirixira en Vigo Xaime Solá”. Aplaudiu, así mesmo, Freixanes, o reinicio da actividade de Alvarellós Editora, e afirmou finalmente que “a obra xornalística de Cunqueiro é a esencia da súa mellor literatura”, ao tempo que destacou que “existe unha realidade cunqueiriana como existe un universo borxiano, kafkiano ou dantiano. E este ano do quinto centenario do Quixote non debemos esquencer que aquí, no noso país, don Álvaro é un dos nosos enormes valores dos que todo galego e galega debe sentirse orgulloso e debe tamén exportar”.

### **NOVOS VOLUMES DA “COLECCIÓN RESCATE”**

O director de Alvarellós Editora pechou o acto anunciando a saída para despois do verán de 2005 de dous novos libros da Colección Rescate: “trátase da obra xornalística completa e tamén esquecida de dous ilustres ourensáns, Ramón Otero Pedrayo e Vicente Risco, feita para a revista Vida Gallega, cuns textos que irán acompañados de estudos introductorios das súas respectivas obras e reproducións de manuscritos e material diverso e inédito”.

